

UNHA MULLER BOA E FERMOsa

Había unha vez unha muller que era moi pero que moi fermosa. Vivía nunha pequena aldea na que se coñecían todos.

Todos os rapaces da aldea dicían que era a muller máis fermosa que viran, aínda que non viran moitas máis. Todas as rapazas tiñan envexa do guapa que era Lucía, pero había unha que lle tiña máis envexa cas demais, chamábase Aroa. Aroa non tiña unha gran fama, había rumores que dicían que súa nai era meiga e enfeitizaba a cada un que se acercara. O que ninguén sabía era que a súa nai estaba enferma e que Aroa tiña que coidar dela. Aroa soñaba con ser igual de fermosa que Lucía para conseguir un marido con moitos cartos para así poder curar a súa nai.

Un día Lucía estaba pasando por diante da casa de Aroa e escoitou a alguén chorar, foi ver quen era e resultou ser Aroa. Lucía preguntoulle que lle pasaba, a Aroa custoulle abrirse a Lucía pero ao final fíxoo, e Aroa contoulle que súa nai cada vez estaba máis enferma. >Lucía emocionouse coa historia e decidiu axudarlle.

Os pais de Lucía tiñan moitos cartos e pensou que porque collera un pouco ao mes, non ían morrer. Eses cartos eran para a nai de Aroa: a comida, o médico e as cousas necesarias para vivir. Estiveron así máis de dous anos ata que un día os pais de Lucía déronse conta de que tiñan menos cartos ao mes. Decidiron preguntarlle a Lucía se sabía algo e, aínda que intentou mentir, non puido. Lucía contoulles todo. Os pais estaban entre decepcionados e orgullosos.

Os pais decidiron falar cun amigo seu que era un gran médico para que curase a súa nai e tamén decidiron pagarlle a carreira.

Ao cabo duns meses a nai de Aroa mellorou e Aroa sacou a carreira.

E así foi como esa muller tan fermosa e Aroa conseguiron ser grandes amigas.

Sabela Romero Veiga.